Centro Cívico de Canido
Rúa Poeta Pérez Parallé 15401 Ferrol
Teléfonos: 981 359 530 / 637 081 888
www.avcanido.org / avcanido@gmail.com
Nº Rexistro na Xunta de Galicia: 1978/607-1
Nº rexistro no Concello de Ferrol: 59

ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DE RENOVACIÓN DE CARGOS DA XUNTA DIRECTIVA

Data: 26.11.2023

Hora: 12:30 horas en primeira convocatoria e 13:00 horas en segunda convocatoria

ÚNICO PUNTO NA ORDE O DÍA: ACTUALIZACIÓN DE MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA

Asisten 21 persoas, entre elas 13 das que formarán parte da nova xunta directiva.

Iníciase a sesión dando conta da situación da actual directiva, da que tan só se manteñen 3 persoas das 12 nomeadas con anterioridade, nos cargos de presidencia, secretaría e tesourería. O resto dos membros tiveron cambios de traballo a outras localidades e abandonaron os seus cargos (que serían incompatibles ademais cos Estatutos, ao residir fóra).

Coméntase o interese de diversas persoas que xa están a participar en distintos proxectos impulsados pola AV e que desexan incorporarse á directiva, ao igual que os/as representantes doutras entidades da Intrabarrial -presentes na reunión- e que manifestan o seu interese en formar parte deste grupo de traballo.

Exponse a proposta de cargos para a nova directiva, sendo as **persoas que se incorporan**:

1. Marcos Galdo, vicepresidente.
2. Celia Fernández, vicesecretaria.
3. Joaquín Enríquez, vicetesoureiro.
4. Patricia Galdo, vogal.
5. Guillermo Castro, vogal.
6. María José Estévez, vogal.
7. Isabel Seoane, vogal.
8. Raquel Filgueira, vogal.

Como **representantes doutras entidades do barrio**:

9. Marisol Seoane, Asociación Sociocultural Muíño do Vento.
10. Esther Rivera, HOSCOMPRO.
11. Guillermo Leira, Parroquia de Santa Cruz-San Rosendo.
12. Daniel Rodríguez, SDR Canido.

E como **membros da anterior directiva, que continúan**:

13. Jose Saráchaga, tesoureiro.
14. Maica Rodríguez, secretaria.
15. Roberto Taboada, presidente.

Centro Cívico de Canido
Rúa Poeta Pérez Parallé 15401 Ferrol
Teléfonos: 981 359 530 / 637 081 888
www.avcanido.org / avcanido@gmail.com
Nº Rexistro na Xunta de Galicia: 1978/607-1
Nº rexistro no Concello de Ferrol: 59

Así, despois da votación a man alzada, apróbase por unanimidade a nova composición da xunta directiva, conformada por 15 persoas, asinando os anexos correspondentes para a súa actualización no *Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia*.

Outros temas tratados na reunión fóra da orde do día relacionados co obxecto da sesión:

- Acórdase realizar as sesións da xunta directiva os **últimos venres de cada mes ás 20:00 horas**, coa excepcionalidade do mes de Nadal que ,sendo ademais a primeira reunión deste novo grupo, trasládase ao día **15 de decembro**.

- Neste primeira reunión da nova directiva poñerase ao día da programación do Centro Cívico, tendo a premisa de manter o máximo número de horas de actividade neste equipamento público; do seguimento e propostas presentadas ao Concello de Ferrol e diversos proxectos agroculturais, como o bosque comestible, horta comunitaria, situación da parcela da Domus, o mapeo de vivendas de Canido ou o convenio na área social con distintas entidades do barrio, entre outros temas que se propoñan, creando unha folla de ruta para 2024 e sinalando cada persoa as áreas na que desexa participar.

- Os novos membros formarán parte do *grupo de WhatsApp da Directiva* para poder axilizar as convocatorias, propoñer temas a debate nas reunións presenciais, etc.

- Tomarase unha foto de grupo para a actualización da web da AV o **sábado 2 de decembro ás 13:30 horas.**

Remata a sesión ás 13:45 horas.

Asinado,

Firmado por RODRIGUEZ FREIRE MARIA DO CARME - ***6976** el día 27/11/2023 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Centro Cívico de Canido
Rúa Poeta Pérez Parallé 15401 Ferrol
Teléfonos: 981 359 530 / 637 081 888
www.avcanido.org / avcanido@gmail.com
Nº Rexistro na Xunta de Galicia: 1978/607-1
Nº rexistro no Concello de Ferrol: 59

ANEXO – IMAXES DA SESIÓN

Diversas imaxes da sesión de renovación de cargos (26.11.2023)